



# CLUSTER TIC GALICIA

## Plan Operativo

*Agosto 2013 - Outubro 2015*

O Clúster TIC Galicia é unha organización empresarial sen ánimo de lucro, constituída no ano 2008 na que se aglutinou a cadea de valor do macro sector TIC. Unha unión difícil, dada a atomización, dispersión e múltiples entidades representativas dos distintos subsectores. Esta situación provocou que o Clúster centrara, nestes primeiros anos, os seus esforzos na alineación de intereses e na busca de consenso para unificar criterios que permitiran marcar a estratexia das TIC galegas.

### ***“Consolidación e Ampliación”***

O Clúster conseguiu recuperar o consenso entre as distintas partes e crear un novo marco de traballo máis amplo e participativo. Esta unión fai que o Clúster pase de 45 entidades socias a 95 e no que ademais incorpora unha unidade especializada en I+D+i.

### ***“Consolidación e crecemento”***

Este novo marco reforza á entidade o que con leva á necesaria reactivación do proxecto “clúster” para que nos permita afianzar a consolidación e seguir crecendo.

Coa unión o Clúster ten a posibilidade de poñer en común a grandes e pequenas empresas, o que favorecerá o coñecemento entre elas permitindo potenciar a cooperación para chegar a alianzas estratéxicas das que xurdirán novos proxectos que posibiliten a apertura de novos modelos de negocio e de novos mercados.


### ***“Participación activa e servizos de mellora”***

Co novo marco de traballo, que se plasma nos novos estatutos, a participación no Clúster está aberta a todas as empresas (socias, non socias, emprendedores, start ups, colexios e asociacións profesionais, asociacións empresariais, centros e parques tecnolóxicos, universidades, grupos de investigación, persoas interesadas, etc.).

### ***“Proxectos participativos, innovadores e de referencia tecnolóxica”***

O Clúster TIC fomentará a participación entre empresas, potenciará a innovación e creará un polo de coñecemento e excelencia para conseguir que Galicia sexa o referente tecnolóxico.

Os proxectos estarán alineados coas liñas de interese da administración e das necesidades que marque a estratexia de especialización intelixente (RIS3), buscando a interacción e a colaboración cos distintos organismos e entidades.



Consolidación e incremento de entidades adheridas

Fomentar a cooperación

Fomentar a especialización

Potenciar a I+D+i

Xerar un polo de coñecemento e excelencia TIC

Favorecer a internacionalización

Atraer capital inversor

Atraer asentamento de multinacionais

## Consolidación e crecemento de entidades adheridas

Plantexamos este obxectivo de xeito transversal e constante e as accións estarán abertas a todos os axentes TIC para que a flexibilidade e a interacción permita axilizar o coñecemento e incrementar a confianza.

### Accións a desenvolver:

- Visualización e difusión da nova reestruturación e funcionamento do Clúster
- Potenciación da incorporación de novas entidades á Oficina Integrada
- Creación dunha marca identitaria de TIC Galego, como polo de coñecemento e excelencia
- Realización do informe de Caracterización do sector TIC galego
- Favoreceremos a colaboración e cooperación das entidades adheridas
- Ampliaremos a rede Clúster a nivel estatal e europeo
- Actualizaremos o Plan Estratéxico

## Proxectos participativos, innovadores e de referencia tecnolóxica

Buscaremos acompañar os intereses empresariais coas necesidades da administración dentro dos marcos de referencia autonómica, estatal e europea, sendo eixos transversais a potenciación do I+D+i, a internacionalización e a cooperación.

### Co obxectivo de potenciar a colaboración e cooperación entre empresas grandes e pequenas faremos:

- Xornadas de brokerage tecnolóxico
- Promoción de consorcios I+D+i
- Crear sinerxías con outros sectores estratéxicos

### Para favorecer a internacionalización realizaremos:

- Xornadas de casos de éxito
- Elaboraremos un catálogo de produtos e servizos TIC orientado á exportación
- Realización de misións comerciais directas e inversas
- Potenciaremos a participación conxunta en feiras
- Favoreceremos a cooperación de empresas coas xa internacionalizadas buscando sinerxías

**Proxectos para a mellora da xestión das empresas:** Que faciliten, axilicen e melloren a competitividade e os procesos das empresas

**Proxectos colaborativos:** Realizaremos acordos de colaboración con entidades de distintos sectores

**Proxectos para a transferencia tecnolóxica e I+D:** Colaboración con centros tecnolóxicos e centros de investigación para favorecer a transferencia e colaboración coas empresas TIC, potenciando a creación de proxectos alineados as liñas definidas no marco do RIS3

**Proxectos de atracción:** Coa creación de marca e recoñecemento de ser un polo de excelencia TIC traballaremos para atraer capital inversor e o asentamento de multinacionais



*Edificio da Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA)  
R/ Lope Gómez de Marzoa s/n  
15705 Campus Vida - Santiago de Compostela  
Galicia - Spain*

+34 881 939 651



info@clusterticgalicia.com



<http://twitter.com/clusterticgal>



<http://facebook.com/clusterticdegalicia>



<http://www.linkedin.com/pub/cluster-tic-galicia/50/7aa/a>

